



INFORMACIÓN SOBRE PRAZO E MODO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (GRUPO C - SUBGRUPO C2)

1 PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo de 2020 na que se aproban as bases xerais sinala no seu punto 5.3:

“O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP”

Como consecuencia **o prazo comeza ás 00.00 horas do día 26 de xuño de 2021 e remata as 23:59 horas do día 5 de xullo de 2021.**

2 LUGAR DE PRESENTACIÓN (BASE 5.2)

a) Presentación telemática na sede electrónica da Deputación de Lugo: acceso no Catálogo de servizos – Recursos Humanos, onde figura o modelo oficial de solicitude-relación de méritos.

Para este trámite será necesario contar con certificado electrónico e que os documentos que se deben incorporar coa solicitude sexan documentos orixinais con código de verificación.

Deberase presentar:

a.1 Solicitude-relación de méritos (non debendo presentar as acreditacións documentais, xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición).

a.2 Os orixinais (con código de verificación) dos documentos que se sinalan no punto 3.



b) Presentación presencial no Rexistro Xeral: deberase pedir **cita no número de teléfono 982 260 030.**

O día da presentación deberán levar:

b.1 A instancia cuberta, xunto coa relación de méritos que desexe facer constar (non debendo presentar as acreditacións xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición)

b.2 Os orixinais dos documentos que se deben incorporar coa solicitude que se sinalan a continuación, no apartado 3.

3 DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE (BASE 5.4)

- a) A **titulación académica** oficial esixida na base específica 4 (**Graduado/a en educación secundaria obligatoria ou equivalente.**)
- b) O **DNI**, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.
- c) O **nivel de galego** esixido na base específica 5 (**Celga 4**), no suposto de non acreditalo deberá realizar, de se lo caso, a proba regulada na base xeral 8.1.3.
- d) O documento acreditativo do **pago da taxa** de participación en procedementos selectivos (Base Xeral 5.6)

TAXA: 15€ ou 3,75€ no suposto de pagar taxa reducida (neste suposto debera achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva).

ABONO DA TAXA: efectivo na Tesouraría da Deputación de Lugo pedindo cita con anterioridade a través do número de teléfono **982 260 017.**



Xiro postal ou transferencia bancaria ao número de conta ES04-2080-0163-8531-1000-0423 de Abanca.

- e) **Certificado de discapacidade**, no suposto de solicitar adaptación de probas ou participar en listaxe de emprego reservados a persoas con discapacidade.

Para calquera aclaración ou dúbida pode chamar a Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo a través dos seguintes números de teléfono 982 26 00 82 - 982 260 198 - 982 260 043.

A xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira.